

# Casos para parafrasear e reflectir



Onte déronche a nota de matemáticas. Sempre sacas sobresaliente nesta materia e esta vez puxéronche un 6. Amólate porque o profesor sabe que estiveches enferma e faltaches a unha chea de clases. Velo moi inxusto, agora vai baixar a túa media.

atrote  
RECURSOS EDUCATIVOS

Houbo unha votación en clase e te elixiron para representar a todos na competición de xadrez do Instituto. Estás contenta, gozas co xadrez, pero tes moito medo facelo mal e que pola túa culpa a túa clase non gañe.

atrote  
RECURSOS EDUCATIVOS

Nunca se che deu nada ben o inglés, é unha materia que non te gusta. Os teus pais prometeron comprar entradas para ti e un amigo para ir ao concerto do teu grupo favorito se acadabas o notable. Estudaches moitísimo, conseguiches un 8 no exame.

atrote  
RECURSOS EDUCATIVOS

Onto o teu mellor amigo enfadouse contigo por non querer saír con el dar unha volta. Estabas a ter un día horrible, era xa o único que te faltaba. Nin conta se deu de que estabas fatal.

atrote  
RECURSOS EDUCATIVOS

Estás enfadadísimo. O teu irmán pequeno é un traste. Onto dedicouse facer pelotas de papel coas follas do teu caderno de matemáticas. Cando chegaches ao Instituto contáchesllo ao teu mellor amigo e díxoches que xa estaba farto das historias do teu irmán, que tiveses máis coidado e deixases xa as queixumes.

atrote  
RECURSOS EDUCATIVOS

Onto enfadouse contigo unha das túas mellores amigas, porque saíches ti escollida no canto dela para facer o papel protagonista na obra de teatro do Instituto. Esforzácheste tanto coma ela. Se pasase ao revés, crees que ti a felicitarías.

atrote  
RECURSOS EDUCATIVOS

# Casos para parafrasear e reflectir



Non entendes nada, sempre que xogades ao fútbol no recreo, escóllenche de última. Xogas moi ben ao fútbol e es unha das máximas goleadoras do Instituto. Estás algo cansa de que sempre che deixen para o final, non o entendes.

atrote  
RECURSOS EDUCATIVOS

Estás realmente contento, despois dunha semana horrible. Onte era o teu aniversario. Levabas toda a semana escoitando excusas dos teus amigos, cada unha máis increíble, para dicirte que non poderían ir. Onte, cando chegaches a casa tíñanche preparada unha festa sorpresa que non esquecerás na túa vida.

atrote  
RECURSOS EDUCATIVOS

Colliches fama de graciosa e agora xa levas todas as culpas. Pode que foras ti ou non, xa dá igual. Estás farta.

atrote  
RECURSOS EDUCATIVOS

Es unha persoa moi coidadosa e moi ordenada co material. Estás canso xa de que se metan contigo por isto, que se es un maniático, que se estás obsesionado con ter todo no seu sitio... ao mesmo tempo pídencho sempre todo e devólvencho de calquera xeito. Xa estás farto, que fagan coas súas cousas o que queiran, pero que respecten as túas ou non llas deixarás máis.

atrote  
RECURSOS EDUCATIVOS

Atópaste bastante desanimado. Esta avaliación esforzácheste bastante e as notas non foron como esperabas. Menos un notable en Educación física, o resto non pasaron de ben e suspendiches unha, cun 4.5. Os profesores felicitáronche por estas notas, porque a pasada avaliación suspendiches 5, pero ti esperabas máis.

atrote  
RECURSOS EDUCATIVOS

Estás moi contenta, esta avaliación foi moi ben, por fin as cousas parece que marchan ben, o teu pai atopou traballo e, ao chegar a casa coas notas tíñanche preparada unha gran sorpresa: entradas para ir ao concerto do teu grupo preferido. Felicitáronte moitísimo polo teu esforzo e todos vos emocionástedes unha chea.

atrote  
RECURSOS EDUCATIVOS